

Criterios para a selección de áreas de coñecemento na convocatoria de prazas de Profesorado contratado doutor no ano 2015

En aplicación da taxa de reposición (datos de 2014) establecida na Lei Xeral de Orzamentos do Estado do ano 2015, acordouse no Consello de Goberno de 17 de xullo de 2015, aprobar a oferta pública de emprego do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo integrada por oito prazas de profesorado contratado doutor no ano 2015, das que dúas deben corresponder a investigadores que remataran o contrato do programa Ramón y Cajal e acadasen a acreditación I3.

Co fin de seleccionar as áreas de coñecemento nas que se convocarán estas prazas, o Consello de Goberno de ... de ... 2015, aproba os seguintes criterios:

- 1) Para esta convocatoria, só se considerarán as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2014 tivese a condición de profesorado contratado doutor interino.
- 2) Para seleccionar as áreas nesta convocatoria, ordenaranse todas as áreas nas que existan solicitantes en función dun indicador P que relaciona a carga docente da área no curso 2015/16 co total de PDI con vinculación permanente da área. Elaboraranse dúas listas, unha primeira lista (lista A) para as áreas dos solicitantes que rematasen o seu contrato Ramón y Cajal e dispoñan da acreditación I3 e outra (lista B) para calquera área. As listas ordearanse según o valor de P de menor a maior. O cálculo do indicador P realízase como segue:
H = horas de docencia impartida pola área no POD do curso 2015/16, contabilizadas na data de aprobación destes criterios en Consello de Goberno.
 $C = H/240$
F = nº de PDI con vinculación permanente (CU,TU,CEU,TEU,CD) da área
 $P = F/C$

No caso de empate no indicador P terá preferencia a área con máis carga docente.

- 3) No caso de que o número de profesores a tempo completo da área (considerando profesorado funcionario, contratado doutor, contratado doutor interino, axudante e axudante doutor) sexa inferior a 6, calcularase o indicador P no total do departamento de dita área. No caso de empate entre áreas neste suposto, aplicarase o coeficiente P individualizado por área, nos termos previstos no apartado 2).
- 4) Seleccionaranse, en primeiro lugar, as dúas áreas da lista A ordenada garantindo que correspondan a ámbitos diferentes, sempre que existan solicitudes de máis dun ámbito.
Seleccionaranse, en segundo lugar, as seis primeiras áreas da lista B ordenada (excluíndo as dúas seleccionadas na lista A), garantindo unha praza por ámbito, sempre que existan solicitudes.
Só poderá seleccionarse unha praza por área de coñecemento, salvo que queden prazas vacantes. No caso de seleccionar máis dunha praza por área de coñecemento

recalculárase o valor de P como resultado da primeira asignación, é dicir, incluíndo a praza xa asignada.

- 5) Delégase na Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) a selección das áreas resultantes da aplicación destes criterios e a creación das prazas correspondentes.
- 6) No caso de existir máis de unha solicitude nunha área, a creación e a convocatoria da praza referirase a aquela ocupada pola persoa candidata con maior antigüidade na figura de profesorado contratado doutor interino. De producirse un empate seleccionarase a praza ocupada pola persoa con maior antigüidade na acreditación que lle dea acceso ao concurso.